

# Galicia

## Galicia instala encerados dixitais en todos os centros educativos

Na actualidade son xa un total de 1.465 encerados electrónicos os que se utilizan nos centros educativos públicos de infantil, primaria e secundaria, fronte aos 179 de 2006. Son as cifras que daba o presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, o pasado mes de xaneiro, no acto de presentación deste sistema, que baixo o lema "Galicia: a maxia do dixital", plasma a súa aposta polas novas tecnoloxías.

En palabras do presidente da Xunta, a nosa comunidade sitúase "á cabeza no conxunto do Estado" ao dispoñer en todos os centros de ensino de, "como mínimo", un destes encerados, e permite equiparar a Galicia con países como Finlandia, Estados Unidos ou Canadá, na integración das novas tecnoloxías no ámbito educativo. O sistema de apoio á educación supuxo un investimento de 1,4 millóns de euros, cofinanciados nun 30% con fondos europeos. Este esforzo tradúcese na dotación de ordenadores, impresoras e vídeo proxectores aos que hai que sumar o acceso a Internet en todos os colexios públicos. Esta transformación tecnolóxica supuxo tamén a necesidade de formar o profesorado, a fin de que poida optimizar estes recursos, polo que se están a ofrecer actividades específicas para o dominio e manexo das tecnoloxías da información e a comunicación.

Nese mesmo acto, a conselleira de Educación, Laura Sánchez Piñón, subliñou que a ensinanza "non podía permanecer allea a estes avances científicos", que "hoxe todos os centros galegos están conectados á rede" e que "o obxectivo inmediato é que todos conten con acceso integral". Segundo a máxima responsable do departamento educativo, os encerados dixitais teñen un importante efecto formativo, ao favorecer o pensamento crítico dos máis novos e aumentar o nivel de comprensión. Ademais, "os contidos resultan máis atractivos e dinámicos, e converten a actividade educativa "nunha experiencia tridimensional" ao transformar o encerado "nun universo dixital".



## Un convenio entre a Consellería e o Ministerio impulsa o desenvolvemento do Plan de apoio á implantación da Lei orgánica de educación

O pasado mes de decembro, a ministra de Educación, Política Social e Deporte, Mercedes Cabrera, e a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento do Plan de apoio á implantación da Lei orgánica de educación (LOE).

O acordo, cunha dotación de máis de 13 millóns de euros, é un paso máis no conxunto de accións encamiñadas a facilitar o desenvolvemento dos obxectivos da LOE. Entre estas accións inclúense a mellora das competencias do profesorado e do alumnado do ensino non universitario. Máis de 10.000 docentes recibirán formación e levaranse a termo programas de melloría do éxito escolar nuns 600 centros públicos.

En virtude deste convenio, que terá vixencia ata o 31 de decembro de 2009, o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte transfire á Comunidade galega un total de 5.205.721 euros e a Xunta achega 7.808.582. O documento asinado contempla accións para a mellora do éxito escolar e a diminución do abandono temperán con dúas accións complementarias. A primeira realízase nos colexios, co reforzo das materias instrumentais (Lingua e Matemáticas) e aquelas que veñen presentando un maior grao de problemas, para o que se seleccionarán 50 novos centros de educación primaria, que se sumarán aos 100 que xa están aplicando estes plans na actualidade.

Como complemento a esta acción, a Administración educativa galega e os concellos colaboran no Programa de apertura de centros fóra do horario lectivo, que na actualidade se desenvolve en preto de 600 centros de 168 concellos. No marco do devandito programa, lévanse a cabo actividades de fomento do éxito escolar e de prevención do absentismo e o abandono temperán.

Algunhas das accións contempladas no convenio asinado son a ampliación do número de equipos de orientación nos centros de educación primaria; posta en marcha de aulas de reforzo, obradoiros creativos e actividades de comunicación que incidan en destrezas de comprensión e expresión. Tamén se inclúe o reforzo das accións dos departamentos de Orientación, tanto nos centros de educación secundaria como nos centros de educación para as persoas adultas, a fin de que orienten, detecten e propoñan medidas adecuadas para solucionar os problemas de aprendizaxe, así como vías de estudos acordes coas aptitudes e intereses do alumnado.

Dentro do programa de formación do profesorado, efectuaranse actuacións de difusión e información sobre as novas materias dos currículos LOE, accións para a reflexión sobre a práctica educativa e adecuación metodolóxica, e sobre a análise dos procesos de avaliación. As actividades desenvolveranse durante o curso 2008/2009, serán un total de 225 e dende a Consellería de Educación ofertarase un total de 9.600 prazas de formación.

Así mesmo, no marco do programa PALE, 100 profesores de educación infantil, 150 profesores de educación primaria, 275 de secundaria e 120 auxiliares de conversa formaranse en linguas estranxeiras.



## Encontro de investigadoras galegas con Frances Allen, gañadora do Premio Turing 2006



A única muller gañadora do Premio Turing, Francis Allen, reuniuse en Santiago con mulleres investigadoras, nun acto no que interviñeron a conselleira de Educación, Laura Sánchez Piñón; a secretaria xeral de Igualdade, Carme Adán; a vicerreitora de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela, María José Alonso, e o director do programa 'ConCiencia', Jorge Mira.

Ante unhas 50 investigadoras de distintos ámbitos da ciencia, Allen manifestou que despois de tempos moi duros para a muller, comezan a romper as barreiras. A gañadora do Turing, considerado o Nobel nesta área, desenvolveu unha brillante traxectoria profesional en IBM, o que constitúe un incentivo para toda a comunidade científica e o mellor exemplo do poder feminino na área da tecnoloxía e da computación.

No acto, a conselleira de Educación referiuse a algunhas figuras femininas destacadas no eido científico, como a primeira astrónoma na era moderna, Carolina Lucrecia Herschel, a matemática Emmy Noether, ou as irmás Elisa e Jimena Fernández de la Vega, pioneiras na área da medicina. Así mesmo, dixo que está convencida de que as xeracións vindeiras tomarán como referente o importante traballo das actuais investigadoras, e que os modelos femininos na educación superior son determinantes. "Hoxe en día universidades de prestixio, como Michigan, Princeton ou Brown teñen reitoras á súa fronte". Neste sentido, explicou que en España "as mulleres xa lideran o 32% das empresas relacionadas con actividades biosanitarias e case o 20% das compañías punteiras en tecnoloxía".

Por último, animou a seguir avanzando no camiño da igualdade. Na actualidade o 77% do alumnado na área de ciencias da saúde son mulleres, mentres que ámbitos, como a tecnoloxía, a enxeñería ou a arquitectura, aínda non acadaron os niveis que as equiparen aos homes, xa que só tres de cada dez persoas que están cursando estes estudos son mulleres.

## A Administración educativa galega e o Ministerio danlle un novo impulso ao convenio para o Plan de mellora das bibliotecas escolares

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e a ministra de Educación, Política Social e Deporte asinaron unha addenda ao convenio para o Plan de mellora das bibliotecas escolares. A devandita addenda está dotada cun orzamento de 644.121 euros que achega o Ministerio de Educación, e supón unha continuación ao conxunto de contribucións económicas que iniciaron en 2006 a Xunta e o Ministerio de Educación e Ciencia. Esta nova acción vén sumarse ao investimento do Goberno galego en bibliotecas escolares, que ascende a 1,7 millóns de fondos propios e que, no seu conxunto, acada en 2008 os 2,3 millóns de euros. O apoio vén reforzar as dotacións, non só nos colexios e institutos, senón tamén nos centros de ensinanza artística, educación especial e escolas oficiais de idiomas.

Neste curso participan no plan un total de 224 colexios e, tras a posta en marcha deste programa, xa se pode comprobar con datos reais acreditados polos centros de ensino, unha mellora substancial no tocante ao índice de lectura da comunidade educativa. Hai centros integrados nesta rede que en dous anos case triplicaron os préstamos de libros.



## O alumnado de formación profesional disporá de viveiros que os axudarán a crear a súa propia empresa



O pasado 28 de xaneiro presentouse en Santiago de Compostela o Programa FP Emprende: crea a túa empresa, enmarcado no proxecto FP Plus, dirixido ao alumnado do último ano dun centro público que participe na rede de viveiros de empresas. Tamén poderán acollerse a el as persoas tituladas en FP nos dous últimos anos.

Os viveiros son locais acondicionados para a actividade empresarial, cedidos ás persoas que participan no programa, durante dous anos e de xeito gratuíto, para que poñan en funcionamento un proxecto. Nestes momentos xa se están a desenvolver as primeiras ideas propostas por alumnos e alumnas.

A Consellería de Educación acondicionou os espazos destes centros destinados ao viveiro, con recursos suficientes. Neles, os mozos emprendedores dispoñen de ordenadores, Internet, impresora, fotocopiadora, teléfono e telefax, e poden utilizar os recursos existentes noutras dependencias, como obradoiros ou laboratorios. Contan, así mesmo, cun titor que os acompaña en todo o proceso de creación da súa empresa. No programa tamén colaboran empresas e institucións, como o IGAPE e BIC Galicia, que brindan a súa axuda e experiencia na formación dos titores e, ao tempo, ofrecen asesoramento aos emprendedores cando requiren apoio exterior de gabinetes especializados.

Na actualidade, este programa desenvólvese de maneira experimental en seis centros de FP da Comunidade: os IES Manuel Antonio de Vigo, Luís Seoane de Pontevedra, Portovello de Ourense, e Politécnico de Lugo; e os centros integrados de formación profesional Rodolfo Ucha Piñeiro de Ferrol e Ánxel Casal da Coruña. Pasada esta primeira fase, a experiencia estenderase a máis centros da Comunidade. O obxectivo da Administración educativa é crear unha rede de viveiros, de xeito que haxa varios centros base, con instalacións e titores, e que cada un deles conte con outros adscritos para dar cobertura a toda a Comunidade.

FP Emprende encádrase no proxecto FP Plus, unha iniciativa pioneira no Estado que se iniciou o pasado curso, e que ten como obxectivo fomentar iniciativas emprendedoras entre o alumnado de formación profesional. O proxecto consta de catro programas: FP Idea, FP Avanza, FP Emprende e FP Simula. O primeiro outorga o premio ao mellor proxecto empresarial ou á mellor idea innovadora do alumnado destas ensinanzas. Pola súa banda, FP Avanza pretende ofrecerlles unha cualificación práctica por medio dun seminario e dun circuito de visitas guiadas a empresas e viveiros, co fin de poñelos en contacto coa experiencia de persoas emprendedoras vinculadas ao seu sector de interese. Por último, FP Simula púxose en marcha de xeito experimental en seis centros galegos no curso no 2007/2008 (os IES Portovello de Ourense, A Piringalla de Lugo, Fernando Wirtz da Coruña, Luís Seoane de Pontevedra, A Guía de Vigo, e o Centro Integrado de Formación Profesional Rodolfo Ucha Piñeiro de Ferrol).

O programa FP Simula consiste na constitución dunha empresa virtual nun centro educativo, de modo que o alumnado participe en primeira persoa no proceso de creación da mesma, e pase a ocupar os diversos postos de traballo de xeito rotatorio. Neste caso, a empresa intégrase nunha rede internacional, de aí que estableza relacións comerciais con outras, tamén simuladas, de países como Alemaña, Estados Unidos ou Suecia.



## Nova Escola Galega cumpre 25 anos



Co lema “25 anos anovando, aprendendo, galeguizando” celebrou o seu aniversario nun acto no que se repasou a traxectoria deste movemento de renovación pedagóxica e no que tamén tiveron cabida as emocións, sobre todo cando nomearon socios de honra a tres mulleres e tres homes, como recoñecemento á súa traxectoria profesional e fonda pegada no mundo educativo galego.

Nova Escola Galega aparecía no ano 1983 ao confluír diversos colectivos de profesoras e profesores que naceran a finais dos anos setenta. Dende o seu inicio foi promotora de innovación a través de grupos de traballo internos, escolas de verán e xornadas de Educación Infantil, Escolas Rurais, Normalización Lingüística, Imaxe e Educación, Sociedade Dixital, Educación para a Paz, etc. Así mesmo, ten promovido encontros, debates, mesas redondas e conferencias pedagóxicas, ao tempo que publica libros, boletíns, cadernos e a *Revista Galega de Educación*, que vai polo número 42.

### Alicerces para mañá. Manifesto no XXV aniversario

Con motivo deste XXV aniversario, o movemento fixo público un manifesto que, en síntese, fai un percorrido por asuntos, como a asunción política e gubernamental dunha educación para todos e para todas, levada a cabo nas últimas décadas, así como unha maior sensibilidade na opinión pública cando as políticas educativas incumpren os compromisos ou se producen discriminacións. Tamén recoñecen os avances experimentados pola escola, cun profesorado máis cualificado, con mellores recursos didácticos e espazos de vida e aprendizaxe, que inclusive comezan a ser de galeguización e de coñecemento e comprensión do mundo.

A pesar de todo, visualizan riscos, ameazas e retos, como son a nova sociedade global e transnacional na que estamos a vivir, o que introduce notables interrogantes e obriga a revisión dos currículos escolares. Consideran que as novas tecnoloxías da información e Internet, marcan diferenzas no acceso á información, o que, advirten, pode ser motivo de novas exclusións sociais, culturais e escolares, polo que entenden que os centros educativos deben afrontar a situación dende a defensa da igualdade de oportunidades e utilizar estas ferramentas para contribuír a unha sólida construción de coñecemento.

Por outra banda, cren necesario que os educadores sexan moi sensibles á heteroxeneidade cultural presente nas aulas, que no caso do galego ten constituído unha verdadeira fenda entre a rica cultura popular e galega, e a cultura proposta pola escola, acrecentada hoxe coa presenza de novas identidades. Neste novo contexto recomentan considerar como contidos necesarios aqueles que lle posibilitan ao alumnado a adquisición de instrumentos intelectuais cos que poder analizar, comprender e interpretar o mundo e as interaccións sociais do contexto no que vive, para intervir nel de forma consciente e crítica. Pensan, así mesmo, que o desenvolvemento de sociedades plurais e abertas debe tomar como base a promoción dos dereitos humanos, como límite inviolable para toda política de apertura cultural, como referencia obrigada para unha educación multicultural e como garantía contra o exceso de relativismo cultural. Tamén recoñecen a laicidade como principio que promove e favorece as liberdades de expresión, de conciencia, de creación e de difusión.

Definen a “Educación que queremos”, como aquela que fai posible o desenvolvemento de todas as capacidades; unha educación para o éxito, integradora, promotora de igualdade e que recoñeza a diversidade; que contribúa a construír un sentido de laboriosidade, responsabilidade cooperativa

e liberdade solidaria; que faga posible a expresión libre e a análise crítica. Unha educación, en suma, que impulse a aprendizaxe activa, que prepare para unha sociedade democrática e evite a segregación.


Pola súa parte, as institucións escolares deben ser espazos de socialización, que aviven o desexo de saber e de aprender. Reclaman a escola pública como servizo, con marxes de autonomía organizativa e de xestión, e unha escola laica, participativa, integradora e innovadora, que valore a súa propia cultura e estea aberta ao mundo.

Consideran que a escolarización debe preparar para proseguir a propia aprendizaxe e, polo tanto, formar en hábitos, promover saberes instrumentais, destrezas e medios que permitan aprender ao longo de toda a vida. Polo tanto, os centros han desenvolver proxectos educativos e curriculares específicos, e ser comunidades de aprendizaxe que introduzan a avaliación como mecanismo de autorregulación.

A cultura escolar de Galicia debe desenvolverse tomando en consideración a existencia dunha sociedade galega que, ao longo da súa historia, construíu e xerou unha cultura propia que foi transmitida e recreada ata o presente a través da súa lingua, que é o galego, e que deu lugar a unha identidade cultural. Por esta razón, reclaman a plena normalización cultural e lingüística, formando parte central do tecido que configura a cultura escolar.

Polo que atinxe ao profesorado, consideran que é necesario orientar a súa formación cara a un modelo de educador reflexivo, promotor e mediador, que integre o saber teórico cunha práctica reflexionada e cunha dinámica de investigación colaborativa, no marco de redes profesionais de formación e innovación, e de comunidades de aprendizaxe profesional.

## 60.º aniversario da Declaración dos Dereitos Humanos e homenaxe a Suso Jares en Vigo



A celebración tivo un especial significado para Educadores pola Paz por se cumprir tamén os seus 25 anos de existencia. 2008 foi para o grupo un tempo para compartir, facer balance e trazar novos retos de futuro. O pasado mes de abril presentaban dous libros da triloxía *Educación e Paz*, producida para a ocasión, coordinada por Suso Jares e editada por Edicións Xerais.

O primeiro, *Educación e Paz I. 25 anos de Educadores pola Paz*, escribiuno o propio Jares e nel describe e analiza a historia deste cuarto de século do grupo. O segundo, *Educación para a Paz II. Presente e futuro*, recolle as colaboracións de 42 persoas con traxectorias significativas arredor dos grandes temas que engloban a educación para a paz e os dereitos humanos. O 10 de decembro chegaba o terceiro, *Educación e Paz III. Literatura Galega pola Paz*, un exemplar que reúne textos narrativos e poéticos, inspirados na cultura da paz e creados por galegos e galegas de gran prestixio no mundo das letras. Os dereitos de autor xerados pola venda deste terceiro volume, tamén editado por Edicións Xerais, destinaranse, a partes iguais, a Amnistía Internacional-España e a Greenpeace-España.

Neste último encontro, Suso Jares, *alma mater* do grupo, xa non estaba, deixáranos había pouco máis de dous meses, pero a súa presenza invadía o auditorio do Centro Cultural de Caixa Nova, convertendo o acto nunha emocionada homenaxe póstuma.



Falamos  
con...

Amelia  
Arenas

O Centro Galego de Arte Contemporánea acolleu, dentro do seu plan de actividades para este curso, o seminario titulado "Pensa no que ves", organizado en sesións diferenciadas para profesionais de arte e para profesorado de educación primaria. A actividade estivo dirixida por Amelia Arenas, historiadora da Arte e escritora, ex-directora do servizo educativo do MOMA de Nova York e, na actualidade, comisaria independente. Estivemos con ela nunha das sesións e puidemos constatar unha forma de traballar que consiste, fundamentalmente, en aproximar a arte contemporánea ao espectador e lograr que estableza un diálogo coa obra. Ao rematar a actividade respondeu ás nosas preguntas:

**Como cre que se poden gañar para a arte moderna os escépticos?**

Os museos deben deixar de falar tanto e escoitar máis, teñen que superar a súa fixación por ensinar arte e conseguir que o espectador viva a obra como unha experiencia social. Dito doutro modo, cómpre que os museos superen a súa concepción como foros de educación para converterse en espazos de relación.

**Cre, entón, que a xente ten problemas coa arte contemporánea por culpa dos museos?**

Digamos que son os principais responsables, e non me refiro aos profesionais que traballan neles, senón á propia institución, que derivou nunha extensión da universidade, e a min paréceme obsceno reducir a arte simplemente ao seu estudo. Que é o que se está a facer hoxe cos nenos e mozos? visitas guiadas, nas que se lles dá información que eles esquecen rápido, cando de verdade o proveitoso é o diálogo que poden establecer coas obras. Coido que é importante que os rapaces veñan aos museos, pero aquí hai que ofrecerlles algo.

**Déanos un consello para traballar a arte na escola**

Tamén nos colexios se debe seguir unha liña de traballo semellante. O simple feito de amosarlles aos nenos unha diapositiva e promover a discusión en grupo, xera unha situación na que aprenden a observar, a interpretar e a verbalizar. Tamén a escoitar as interpretacións dos compañeiros, a posicionarse e a comportarse. Isto ten unha vantaxe engadida, porque cando 25 nenos ven unha obra e comparten puntos de vista, xa non hai nin bos nin malos estudantes. Daquela neutralízanse as diferenzas e a arte convértese nun recurso para a adquisición de habilidades útiles para a vida.



## Os dereitos das nenas e dos nenos a través da obra de Tonucci

A exposición ten carácter itinerante e está organizada por Unicef, a Vice-reitoría de Relacións Institucionais da Universidade de Vigo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Obra Social de Caixa Galicia. A riqueza de ideas de Frato, nome co que asina as súas viñetas, unida a unha grande espontaneidade e intelixencia, dan como resultado unha maneira especial de transmitir os sentimentos dos nenos e das nenas, e as incongruencias existentes nas relacións entre persoas adultas e rapaces, o que, ademais de provocar sorrisos, suscita profundas reflexións.

A mostra ten unha función esencialmente divulgativa e vai dirixida ao conxunto da poboación galega, aínda que resulta interesante, sobre todo, para o alumnado entre 0 e 18 anos (idade límite da etapa denominada infancia para a Convención) e para todos aqueles con responsabilidades na educación da infancia: profesorado, persoas educadoras, familias, profesionais sanitarios, gobernantes, etc. As viñetas que amosa a exposición atópanse en *Fratografías*, primeira publicación en galego da obra de Tonucci, realizada pola Universidade de Vigo no ano 2004.

A presentación pública tivo lugar en Ourense o día 20 de novembro. A partir dun tempo cederase a calquera entidade que mostre interese por acollela e o solicite. A resposta ás demandas será por rigorosa orde de petición e daráselles prioridade aos centros da Universidade de Vigo, delegacións de Unicef, Obra Social de Caixa Galicia, Administración autonómica e ás súas consellerías e delegacións. Os lugares idóneos para a acollida desta exposición itinerante son:

- Centros de ensino: escolas infantís, colexios, institutos e universidades.
- Concellos: concellerías de Educación, Muller, Xuventude, Participación Cidadá, Asuntos Sociais, Urbanismo, Consumo, Sanidade, ...
- Administración autonómica: consellerías e outros órganos dependentes.
- Hospitais e/ou centros de saúde.
- Salas de exposición e aulas de Cultura de Caixa Galicia e doutras institucións ou entidades de interese educativo, cultural ou social.
- Asociacións culturais.
- Museos.

### Materiais:

- 16 lonas ou pósters de tamaño 1,50 x 0,90 m.
- Caixas para transporte das lonas.
- 14 paneis de axuda á reflexión sobre os dereitos amosados nas diferentes lonas.

### Comisión organizadora:

- Consuelo Nogueira Enciso (Presidenta de Unicef Ourense)
- Celsa Sánchez Vázquez (Presidenta de Unicef A Coruña)
- Ana Belén Méndez (Profesora da Universidade de Vigo)
- Beatriz Vaquero Díaz (Profesora da Universidade de Vigo)
- Emilia Seoane Pérez (Profesora da Universidade de Vigo)

Para solicitar a exposición, poden contactar con:  
emiliasp@uvigo.es





## Agustín Fernández Paz, Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil 2008



## Premios e recoñecementos

O Ministerio de Cultura distinguiu o escritor galego pola súa obra *O único que queda é o amor*, editada por Edicións Xerais. Agustín Fernández Paz, hoxe prexubilado, exerceu como profesor de Lingua e Literatura no Instituto Os Rosais de Vigo e sempre estivo moi significado coa renovación pedagóxica.

O premio que vén de acadar, súmase a outros dos que é acredor: Merlín de Literatura Infantil en galego, Lazarillo, Edebé de Literatura Juvenil e Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Entre a súa ampla produción literaria hai que destacar: *Cartas de inverno*, *Amor dos quince anos*, *Marilyn*, *Un tren cargado de misterios*, *No corazón do bosque*, *Corredores de sombra*, *Contos por palabras*, *Rapazas*, *Trece anos de Branca* e *El rayo veloz*.

A súa obra traspasou fronteiras e hoxe atópase traducida ao castelán, ao catalán, ao euskera e ao portugués.

## O grupo Escolca da Universidade de Santiago de Compostela acada o Premio Nacional á Investigación Educativa 2007

O grupo Escolca da USC foi galardoado co Premio Nacional á Investigación Educativa 2007, o máis prestixioso de cantos se conceden nesta materia en España, pola investigación "Familias inmigrantes en Galicia. La dimensión socio-educativa de la integración" que dirixiu a profesora Mar Lorenzo Moledo. O devandito premio, que está dotado con 20.000 euros, acadárono por unanimidade do xurado e foilles outorgado polo Ministerio de Educación, Política Social e Deporte. É a primeira vez que este galardón recae nun grupo de investigación galego.

Forman Escolca, ademais de Mar Lorenzo, os profesores Miguel A. Santos Rego, Agustín Godás, Felicidad Barreiro, Nuria Abal, Rosario Castro, M.<sup>a</sup> do Carme Cambeiro, Lucía Maquieira, M.<sup>a</sup> Josefa Mosteiro e Diana Priegue. O grupo contou, ademais, co asesoramento de Marcial Gondar e Carmen Adela Sabio.

Entre as súas conclusións, a investigación salienta a enorme importancia estratéxica de asociar a dinámica de integración das familias inmigrantes ao contorno escolar, na medida en que conceden unha grande importancia á escola ao ser un ámbito que resulta útil para informarse, adquirir recursos e facerse con estratexias que lles facilitan o proceso de integración.

Para o seu desenvolvemento, o proxecto partiu dunha análise descritiva da situación das familias inmigrantes en Galicia, concretamente da participación das familias nos centros escolares e no contorno social. Este punto de partida permitiu o deseño dun programa socio-educativo dirixido á mellora do proceso de integración socio-cultural. O principal obxectivo era favorecer o coñecemento que teñen as familias da cultura e da socie-

dade do país de acollida, así como do seu sistema educativo, e tratar de incrementar o seu nivel de participación nas escolas ás que asisten os seus fillos.

O programa levouse a cabo en cinco centros educativos das provincias da Coruña, Pontevedra e Lugo, e permitiu o traballo con familias procedentes de Cabo Verde, Marrocos, Perú, Brasil, Colombia ou Gran Bretaña, entre outros países. A intervención implicaba tamén os concellos de residencia, así como as organizacións cívicas que desenvolveron un programa paralelo para os fillos.

A experiencia levouse a cabo nos IES Xulián de Magariños (Negreira), Ames e Monte Castelo de Burela, xunto cos CEIP Lope de Vega de Vigo e A Lomba de Vilagarcía de Arousa. Ademais, e en calidade de centros de control, a experiencia tamén chegou ao IES A Sardiñeira (A Coruña) e aos CEIP Cardenal Quiroga Palacios (Santiago), Vista Alegre (Burela), Dr. Fleming (Vigo) e ao de Ventín (Ames).

Na epígrafe de asociacións colaboradoras, o proxecto contou coa implicación da Cruz Vermella de Santiago, Burela e da Asemblea Comarcal do Salnés, de CITE-COO, ademais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo os investigadores, os efectos do programa sobre a información, as crenzas ou as normas foron "moi notables", e menores no referente ao cambio de actitudes, "toda vez que o tempo transcorrido entre as medicións realizadas non foi suficiente", aclara Mar Lorenzo. A coordinadora do proxecto sinala á parte que o desenvolvemento de proxectos vinculados á integración, con clara incidencia na cohesión social, "fai necesario un traballo colaborativo entre escola, familias inmigrantes e axencias da sociedade civil".



## O CEIP San Xoán de Filgueira de Ferrol obtén o primeiro premio no Concurso Nacional de Boas Prácticas de Convivencia

O centro, situado na periferia de Ferrol, é un exemplo de integración e de convivencia pacífica, o que o fixo acredor do prezado galardón que cada ano convoca o Ministerio para recoñecer as boas prácticas de convivencia. Nesta edición 2008 resultaron premiados, ademais do CEIP San Xoán de Filgueira, centros educativos das Illas Baleares, Aragón, Estremadura, Castela A Mancha, Madrid, Andalucía, Cataluña e Navarra.

Por terceiro ano consecutivo, Galicia entra na lista de premiados deste concurso. No 2007 foi o IES Carlos Casares de Viana do Bolo, e no 2006 o IES As Telleiras de Narón. Esta vez a entrega de galardóns tivo lugar no propio CEIP San Xoán de Filgueira, nun acto presidido pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, a directora xeral de Cooperación Territorial do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte, Rosa Peñalver, e o alcalde da cidade, Vicente Irisarri.

# Galicia en cifras

## Apertura dos centros fóra do horario escolar

O programa desenvolveuse por primeira vez en 2006, coa participación de 14 concellos e 165 centros. No curso 2007/2008 abrangue 600 centros de 168 concellos e beneficia a 145.000 alumnos, o que significa que case dous de cada tres centros abren as súas portas antes do inicio das clases e péchanas máis alá do horario lectivo.

Con esta iniciativa, a Consellería pretende reforzar a formación do alumnado e motivar o desenvolvemento de actividades relacionadas coa saúde, o deporte, a arte e o lecer, a fin de contribuír á formación integral do alumnado, promover estilos de vida saudables e favorecer a actividade deportiva.

Nos tempos extraescolares, os rapaces e as rapazas desenvolven habilidades, capacidades e competencias que esixe a realidade social na que viven. Por outra banda, promóvese o esforzo compartido ao implicar a toda a comunidade educadora no logro dun mesmo fin, que non é outro que fomentar o éxito escolar e reducir o abandono temperán dos estudos. Ademais de garantir a formación integral do alumnado e promover o camiño cara á excelencia educativa, o programa facilita a conciliación familiar e laboral dos fogares galegos.

Coa convocatoria de 2008, a oferta abriuse por primeira vez a todos os concellos de Galicia (315 integrados na Federación Galega de Municipios e Provincias).

## Actividades subvencionadas

- **Modalidade A: Actividades saudables e de habilidades persoais**
  - Desenvolvemento lúdico e deportivo.
  - Desenvolvemento de habilidades persoais.
  - Actividades de promoción da saúde.
- **Modalidade B: Fomento do éxito escolar**
  - Aulas de acompañamento e reforzo.
  - Uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).
  - Comunicación, lectura e idiomas.
  - Desenvolvemento artístico.
  - Desenvolvemento da autonomía persoal.
  - Actividades de ciencia e/ou matemática divertida.
- **Modalidade C: Prevención ou intervención ante o absentismo e abandono temperán dos estudos**
  - Actuacións dirixidas á prevención e intervención ante o absentismo escolar.
  - Asesoramento e orientación para o retorno educativo.
  - Redes de apoio multidisciplinares para a resolución pacífica de conflitos.
  - Actividades extraescolares.

As modalidades encamiñadas á mellora do éxito escolar e á prevención do absentismo e o abandono temperán son unha das novidades da convocatoria de 2008, e lévanse a cabo en virtude dun convenio suscrito co Ministerio de Educación para o apoio á implantación da Lei orgánica de educación (LOE).

A convocatoria de 2009 inclúe, ademais, a subvención de actividades en vacacións e/ou fins de semana e implica para os concellos o desenvolvemento obrigatorio de actividades das modalidades A, B e C.



## Financiamento

- Accións da modalidade A: 800.000 euros.
- Actividades de fomento do éxito escolar: 1 millón de euros.
- Accións de prevención do abandono temperán dos estudos: 650.000 euros.

**TOTAL: 2.450.000 euros**

O orzamento previsto para 2009 ascende a 3 millóns de euros, o que supón un incremento do 20%.

### Concellos beneficiados

Na convocatoria de 2008, benefíciáanse destas axudas un total de 168 concellos galegos. Máis da metade participan nesta iniciativa. Tamén nesta convocatoria aumentaron considerablemente os concellos da Comunidade que poñen en marcha o Plan Madruga. O ano pasado eran 18 os que fomentaban os almorzos saudables nos seus centros. Neste exercicio suman xa 41, é dicir, máis do dobre.

### Participación por provincias

O número de concellos que toman parte neste programa son:

- A Coruña: 64
- Lugo: 29
- Ourense: 38
- Pontevedra: 37

### Centros educativos

Ao redor de 600 centros públicos de educación infantil, primaria e ESO.

Case 2 de cada 3 centros públicos destas etapas contan con esta oferta formativa.

#### Alumnos

Uns 145.000 estudantes de infantil, primaria e ESO teñen a oportunidade de participar nas actividades deste programa.

#### Familias


111.500 familias poden optar ás actividades do Programa de apertura de centros fóra do horario lectivo. Isto supón que 3 de cada 4 alumnos destes niveis poden beneficiarse desta iniciativa.

Ademais, un total de 41 concellos levan a cabo o Plan Madruga, o que supón máis do dobre en relación ao curso pasado.


## Evolución do programa

Nota: nos anos 2006 e 2007 inclúense as achegas da Consellería de Cultura e Deporte, e nas anualidades de 2008 e 2009 as do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.


### Financiamento do programa




### Número de concellos



### Número de alumnos (educación infantil, primaria e ESO)



### Número de centros públicos de educación infantil, primaria e ESO



## Relación de actividades

Actividades saudables e de habilidades persoais dirixidas ao alumnado de educación infantil e primaria

#### - Desenvolvemento lúdico e deportivo

Comprenden actividades deportivas, xogos de mesa, expresión corporal e musical, etc.

#### - Desenvolvemento de habilidades persoais

Compostas por obradoiros e actividades dirixidas ao alumnado beneficiario do servizo de comedor e/ou almorzo, que lles permita adquirir bos hábitos alimentarios e comportamentos axeitados durante a comida.

#### - Promoción da saúde

Tamén se dirixen ao alumnado que se beneficia do servizo de comedor e/ou almorzo e teñen como finalidade a promoción dunha alimentación equilibrada e a protección da saúde.

Actividades dirixidas ao alumnado de 5.º e 6.º de educación primaria, e 1.º e 2.º de ESO para o fomento do éxito escolar

#### - Aulas de acompañamento e reforzo

Especialmente deseñadas para o alumnado que presenta dificultades relacionadas coa ausencia de hábitos de traballo, escaseza de motivación, atraso no proceso de maduración persoal e aprendizaxe deficiente das áreas instrumentais. Neste caso refórzanse as competencias básicas, as habilidades e actitudes asociadas á lectura, a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo, e aléntase ao estudo con formas de traballo eficaces.

#### - Uso das tecnoloxías da información e a comunicación

Trátase de actividades para favorecer o uso de ferramentas multimedia.

O alumnado aprende a seleccionar e a facer un tratamento crítico da información: obradoiros de prensa, de radio, de vídeo, de fotografía, de uso de Internet, etc.

#### - Comunicación, lectura e idiomas

Neste caso as actividades teñen como obxectivo reforzar a competencia lingüística e os procesos de comprensión e expresión a través da estimulación oral, a lectura, o uso da **linguaxe con fins artísticos**: obradoiro de prensa, conta contos, libro foro, clubs de lectura, elaboración de contos, etc.

#### - Desenvolvemento artístico

Priman o desenvolvemento das destrezas perceptivas, a creatividade e a sensibilidade artística: actividades de expresión plástica, de teatro, etc.

**– Desenvolvemento da autonomía persoal**

Dirixidas a favorecer a mellora do autoconcepto, a formación de actitudes e valores individuais, a identificación, o coñecemento e a superación das fortalezas e debilidades persoais, a xestión do tempo e dos recursos, a planificación do traballo, etc.

**– Ciencia e/ou matemática divertida**

Permiten coñecer a base científica e/ou matemática de moitos feitos ou fenómenos presentes na vida cotiá do alumnado. Trátase de actividades sinxelas que permiten un achegamento á ciencia, e a aplicación da matemática no día a día.

**Actividades dirixidas ao alumnado de 5.º e 6.º de educación primaria e de 1.º e 2.º de ESO para a prevención ou intervención ante o absentismo e abandono temperán dos estudos**

**– Prevención e intervención ante o absentismo escolar**

Consisten en dinamizar a elaboración de protocolos de actuación conxunta (centros educativos do concello, servizos sociais, ANPAs, etc.), coa finalidade de establecer accións ante o absentismo escolar e reducir o abandono temperán.

**– Asesoramento e orientación para o retorno educativo**

Neste caso danse a coñecer vías que permitan o retorno ao sistema educativo, mediante o asesoramento ao alumnado e ás familias sobre alternativas, como as ensinanzas de adultos, a distancia, programas de cualificación profesional inicial, etc. Tamén se ofrece información sobre bolsas de estudos e outras posibles axudas.

**– Redes de apoio multidisciplinares para a resolución pacífica de conflitos**

Establécense medidas que supoñan intervencións conxuntas ou interdisciplinares sobre todas aquelas problemáticas que, de xeito individual ou colectivo, poden ocasionar absentismo ou fracaso escolar.

**– Actividades extraescolares**

Poden desenvolverse por zonas e priorizan:

- Obradoiros de comunicación: acceso e procura da información, uso correcto de impresos, solicitudes, formularios, reclamacións e outros documentos que supoñan unha xestión administrativa.
- Obradoiros de axuda á superación de dificultades persoais, de integración, de estudo, de relación, etc.
- Obradoiros de cara á formación de actitudes e valores individuais.

As clases impártenas profesionais cualificados e son os propios concellos os que asignan o persoal encargado de levar a cabo as actividades.

## Porcentaxes

O tipo de actividades formativas incluídas nos programas dos concellos distribúense do seguinte modo:

- un 35% das iniciativas subvencionadas destínanse ao desenvolvemento de actividades saudables nos comedores, habilidades persoais, estilo de vida e alimentación.
- un 57% céntranse en medidas de apoio ao éxito escolar (accións de acompañamento e reforzo, autonomía persoal, ciencia e matemáticas divertidas, uso de TICs ou comunicación, lectura e idiomas).
- un 8% van orientadas á prevención do abandono e do absentismo escolar, con actividades para a resolución pacífica de conflitos ou para o retorno educativo.